

**Proxecto de Decreto XX/2026, do X de X, polo que se determinan as actuacións dirixidas a reducir e evitar a contaminación producida por nitratos procedentes de fontes agrarias na Comunidade Autónoma de Galicia**

A Directiva 91/676/CEE, do Consello, do 12 de decembro, relativa á protección das augas contra a contaminación producida por nitratos utilizados na agricultura (en diante, Directiva de nitratos) persecue o obxectivo de reducir a contaminación causada polos nitratos de orixe agraria e actuar preventivamente contra novas contaminacións da devandita clase. Con esta finalidade, impón aos Estados membros a obriga de identificar as augas que se atopen afectadas pola contaminación por nitratos desta procedencia, cuxas concentracións deberán ser vixiadas nunha serie de estacións de mostraxe. Por outra banda, a Directiva de nitratos establece a obriga de designar como zonas vulnerables todas aquelas superficies do territorio cuxa escorrentía contribúa á referida contaminación, e de examinar e, se procede, modificar ou ampliar as zonas vulnerables designadas, como mínimo cada catro anos, a fin de ter en conta cambios e factores non previstos no momento da designación anterior.

O Real decreto 261/1996, do 16 de febreiro, sobre protección das augas contra a contaminación producida polos nitratos procedentes de fontes agrarias, incorporou a citada directiva ao ordenamento xurídico español. Posteriormente, foi derogado polo Real decreto 47/2022, do 18 de xaneiro, sobre protección das augas contra a contaminación difusa producida polos nitratos procedentes de fontes agrarias, vixente na actualidade.

A referida norma ten por obxecto establecer as medidas necesarias para reducir a contaminación das augas superficiais continentais, as augas de transición, as augas costeiras e as augas subterráneas, causadas polos nitratos procedentes de fontes agrarias e actuar preventivamente contra novas contaminacións desta clase. Particularmente, regula as zonas vulnerables e prevé que corresponde ás comunidades autónomas designar como tales aquelas superficies coñecidas do seu territorio cuxa escorrentía flúa cara ás augas afectadas pola contaminación por nitratos e que

contribúan, aínda que sexa minimamente, á súa contaminación. O real decreto tamén prevé que as zonas designadas como vulnerables deben ser examinadas e, cando proceda, deberán ser modificadas ou ampliadas.

Para a determinación da orixe agraria da contaminación por nitratos e, en particular, a contribución de cada sector de actividade á contaminación das augas nas zonas sensibles e vulnerables, ten unha especial importancia o estudo das presións agropecuarias, urbanas e outras que poidan considerarse significativas, así como dos impactos rexistrados sobre as augas que, consonte co establecido no real decreto, debe elaborar cuatrienalmente a Dirección Xeral da Auga do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico, en coordinación coas comunidades autónomas, empregando técnicas hidroquímicas, isotópicas e microbiolóxicas, entre outras que sexan procedentes. Os resultados deste estudo, tal e como establece o real decreto, serven de apoio para determinar o ámbito das augas afectadas. Polo tanto, o estudo de presións se configura como un elemento fundamental para a determinación das augas afectadas pola contaminación por nitratos de orixe agraria e, en consecuencia, para a elaboración dos mapas de localización destas e a correspondente designación das zonas vulnerables. A importancia deste estudio de presións ven dada porque a normativa estatal de aplicación esixe que se efectúe unha valoración das situacións resultantes da aplicación dos criterios a ter en conta para a determinación das referidas augas afectadas, que se establecen no artigo 3.2 do real decreto. Neste sentido, debe terse en conta, entre outros aspectos, os factores ambientais das concas alimentadoras e, en especial, as emisións puntuais de nitróxeno, tales como vertidos de augas residuais e a súa contribución ao contido de nitratos nas augas.

Por outra banda, o real decreto establece que lles corresponde aos órganos competentes das comunidades autónomas a elaboración dos códigos de boas prácticas agrarias que as persoas agricultoras deberán aplicar obrigatoriamente sobre as zonas vulnerables e, voluntariamente, no resto do territorio, así como os programas de actuación orientados a previr e reducir a contaminación causada polos nitratos de orixe agrario nas zonas declaradas vulnerables. Tamén establece que, coa finalidade de modificar, de ser o caso, a relación das zonas vulnerables designadas e de comprobar a eficacia dos programas de actuación elaborados, os órganos competentes das comunidades autónomas no caso das concas intracomunitarias, deseñarán programas

de mostraxe e seguimento da calidade das augas integrados nas redes de control establecidas nos correspondentes plans hidrolóxicos para o seguimento do estado das augas superficiais, das augas subterráneas e das zonas protexidas, en coordinación co Real decreto 817/2015, do 11 de setembro, como resposta ao disposto no artigo 8 da Directiva 2000/60/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 23 outubro de 2000.

Así mesmo, o real decreto establece que, xunto cos organismos de conca e o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, os órganos competentes das comunidades autónomas haberán de remitir ao Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico a información necesaria, relacionada coas actuacións levadas a cabo por cada un deles no exercicio das súas competencias, para elaborar cada catro anos o informe de situación sobre a contaminación causada por nitratos, en especial dos procedentes de fontes agrarias, que debe ser comunicado á Comisión Europea. Partindo da información recollida no referido informe de situación, o Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico debe facer públicos, cada catro anos, os mapas de localización das augas afectadas pola contaminación por nitratos, en especial polos de orixe agraria, así como das augas que poderían verse afectadas pola dita contaminación se non se toman as medidas oportunas. Estes mapas haberán de publicarse consonte co disposto na Lei 14/2010, do 5 de xullo, sobre as infraestruturas e os servizos de información xeográfica a través do portal web do departamento e conterán, polo menos, a localización das estacións da rede de seguimento, os valores de concentración, as masas de auga asociadas e outros datos oficiais relacionados coa designación e delimitación das zonas vulnerables declaradas polas comunidades autónomas, detalladas no mesmo informe de situación. A designación das zonas vulnerables, a súa ampliación ou revisión debe facerse, como máximo, no prazo de 3 anos contados dende a publicación no «Boletín Oficial do Estado» dos mapas de localización das augas afectadas.

Ata este momento na comunidade autónoma de Galicia non se teñen declarado zonas vulnerables, toda vez que non existía un informe definitivo, emitido pola autoridade competente, que acreditase a orixe agraria da contaminación, segundo o esixido na normativa de aplicación. Neste sentido, a sentenza do 14 de marzo de 2024 do Tribunal de Xustiza da Unión Europea (en adiante TXUE) relativa á demanda C-576/22 contra o

Reino de España, pola deficiente implementación da Directiva de nitratos, rexeitou, no que atinxe á nosa comunidade, que deberan terse designado como zonas vulnerables as zonas de captación relevantes para os puntos de medición indicados pola Comisión, resultando do disposto nela que a referida declaración de zonas vulnerables esixe, en todo caso, como presuposto previo a acreditación da orixe agraria da contaminación por nitratos, o que é coherente, non só coa definición de contaminación contida na Directiva de nitratos (que se circunscribe unicamente á causada polos nitratos de orixe agraria), senón tamén coas consecuencias desta designación establecidas no Real decreto 47/2022, do 18 de xaneiro, que se traducen en distintas medidas recollidas nos correspondentes programas de actuación, cuxo obxectivo é o de reducir e previr a contaminación por nitratos de orixe agraria e que, polo tanto, recaen sobre as persoas agricultoras.

A referida sentenza do 14 de marzo de 2024 (que é de data posterior á aprobación do real decreto estatal) insiste en que só se esixe a designación como zona vulnerable dunha zona de captación relevante para un punto de medición determinado se os compostos nitroxenados de orixe agraria detectados nese punto de medición contribúen de maneira significativa á contaminación por nitratos. Non se esixe pois que os devanditos compostos nitroxenados de orixe agraria sexan os causantes exclusivos da contaminación, pero sí que a súa contribución á referida contaminación sexa significativa. Para estes efectos, a sentenza citada trae a colación outra sentenza anterior do TXUE, do 22 de setembro de 2005, Comisión/Bélxica (C-221/03, EU:C:2005:573), que sinala que, no caso examinado, unha contribución do 17 % dos compostos nitroxenados de orixe agraria á contaminación ten carácter significativo.

Sentado o anterior, debe destacarse que os mapas de localización das augas afectadas aos que se refire o artigo 3 do real decreto foron publicados no *Boletín Oficial do Estado* o 21 de maio de 2022 polo Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico, mediante resolución da Dirección da Auga, do 9 de maio de 2022. Estes mapas elaboráronse partindo da información contida no informe de situación 2016/2019. Este informe serviu de fundamento á sentenza do 14 de marzo de 2024 do TXUE (que determinou que Galicia non incumpriu a súa obriga de designar zonas vulnerables). A pesar do establecido no Real decreto, o dito informe non se basea no correspondente estudio de presións, que é fundamental para determinar a orixe agraria da

contaminación. Posteriormente elaborouse un novo informe de situación, correspondente ao período 2020/2021, que non se tivo en conta para a publicación dos mapas e que tampouco identifica a orixe agraria da contaminación por nitratos. Ambos informes están referidos ao mesmo estudio de presións, que se atopa na fase final de redacción. O día 10 de setembro de 2026 o Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico (MITECO) remitiu ás diversas comunidades autónomas unha versión definitiva da informe de presións e impactos, concedendo aínda un prazo ás comunidades autónomas para observacións e correccións.

Así, na medida en que o informe de presións e impactos se atopa a día de hoxe en fase de elaboración por parte do Estado e non ten sido remado aínda, non se dispón nesta data dos datos definitivos e concluíntes aprobados pola autoridade competente sobre as presións agropecuarias, urbanas e outras que poidan considerarse significativas, polo que non cabe a designación de zonas vulnerables por parte da comunidade autónoma, xa que a correcta designación delas esixe a acreditación, mediante as probas pertinentes, da orixe agraria dos compostos nitroxenados detectados nos puntos de medición así como da súa contribución de forma significativa á referida contaminación de alí que este decreto prevexa a súa designación, mediante orde da persoa titular da consellería competente en materia de gandería e agricultura, consonte ao procedemento establecido neste decreto e normativa estatal de aplicación.

Sen prexuízo de que, consonte ao indicado, a ausencia dun informe definitivo de presións elaborado polo Estado non permite na actualidade á Comunidade Autónoma de Galicia designar zonas vulnerables. Os datos provisionais obtidos no marco do estudo de presións en certos puntos da conca do río Limia determinan que a Comunidade Autónoma, en aplicación do principio de precaución e de tutela cautelar dos bens xurídicos involucrados, adopte mediante este decreto medidas provisionais nas superficies afectadas, ao terse detectado que a orixe da contaminación é significativamente agraria. Os datos obtidos son suficientemente consistentes como para activar unha resposta administrativa previa á posible declaración da zona vulnerable, no caso de que proceda esta declaración unha vez obtidos os datos definitivos, que evite un deterioro das masas de auga afectadas ou potencialmente afectadas. As devanditas medidas teñen por obxecto actuar sobre situación ambiental da conca do río Limia e se manterán ata a aprobación dos correspondentes programas

de actuación, no caso de que as zonas nas que se aplican estas medidas sexan declaradas zonas vulnerables ou, en defecto da referida declaración, durante un prazo máximo de dous anos desde a entrada en vigor do anteproxecto. As medidas decaerán si antes da aprobación dos correspondentes programa de actuación ou, de ser o caso, antes do transcurso do indicado prazo de dous anos, se acredita, mediante avaliación técnica motivada, que a contaminación deixou de ter unha orixe significativamente agraria.

De conformidade co exposto, o anteproxecto ten por obxecto, por unha banda concretar o procedemento aplicable na comunidade autónoma para a designación das zonas vulnerables, a elaboración dos códigos de boas prácticas agrarias e dos programas de actuación, no marco establecido polo Real decreto 47/2022, do 18 de xaneiro, sobre protección das augas contra a contaminación difusa producida polos nitratos procedentes de fontes agrarias. En particular, identifícanse cales son os órganos autonómicos competentes en cada momento e se afonda na natureza xurídica das disposicións de designación das zonas vulnerables, así como nos requisitos exixidos para a súa tramitación, que en todo caso inclúen a participación pública e audiencia nos termos que se indican.

Por outra banda, incorpóranse no proxecto deste decreto a adopción de medidas provisionais en determinados superficies da conca do río Limia consistentes, esencialmente, na limitación temporal da instalación de novas explotacións gandeiras e da ampliación das existentes. Estas medidas, que se atopan suxeitas a seguimento técnico continuo, aplícanse de forma transitoria ata a aprobación dos programas de actuación ou, na súa falta, durante un prazo máximo de dous anos, podendo deixarse sen efecto se se acredita que a contaminación non ten unha orixe significativamente agraria, ou modificarse no caso de apreciarse a concorrencia de circunstancias que así o xustifiquen.

Estas medidas provisionais contribúen a executar a Sentenza 00313/2025, da Sección 2 da sala do contencioso administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, ditada no procedemento de dereitos fundamentais 0004019/2025, que enuncia expresamente entre as accións correctoras que podería adoptar a administración autonómica coa finalidade de restaurar o medio, a adopción dunha moratoria específica para a

tramitación e concesión de novas licencias e autorizacións para a instalación das explotacións gandeiras de porcino, bovino ou avícola, así como para ampliar a capacidade das existentes na comarca da Limia, polo menos ata que a situación de degradación ambiental se teña revertido.

Cómpre destacar tamén o carácter instrumental e transitorio da medida, que non substitúe aos programas de actuación, senón que cubre o baleiro temporal ata a súa aprobación ou ata que se descarte tecnicamente a contribución agraria, o que reforza a súa necesidade.

As medidas adoptadas mediante este decreto límitanse estritamente ao imprescindible sen prexulgar o contido do programa de actuación que resultaría da declaración formal de zona vulnerable. Trátase, en consecuencia, de medidas de alcance mínimo. O seu carácter provisional implica que quedarán automaticamente desprazadas, no que resulten contraditorias ou insuficientes, polo programa de actuación que se aprobe, de ser o caso, como consecuencia da declaración formal de zona vulnerable, ou que decaerán se a devandita declaración non chegase finalmente a producirse.

Consonte co anterior, resulta procedente tramitar este decreto, que ten por obxecto determinar o procedemento aplicable na comunidade autónoma para a designación das zonas vulnerables, a elaboración dos códigos de boas prácticas agrarias e dos programas de actuación, no marco establecido polo Real decreto 47/2022, do 18 de xaneiro, sobre protección das augas contra a contaminación difusa producida polos nitratos procedentes de fontes agrarias, así como a adopción de medidas provisionais que obedecen aos principios precautorios xa expresados.

## II

Este decreto dítase ao amparo das competencias exclusivas da comunidade autónoma de Galicia en materia de agricultura e gandería establecidas no artigo 30.1.3 do Estatuto de Autonomía, así como da competencia para ditar normas adicionais sobre protección do medio ambiente e da paisaxe nos termos do artigo 149 da Constitución, establecida no artigo 27.30 do Estatuto de Autonomía, e ten por finalidade determinar as

actuacións dirixidas a reducir e evitar a contaminación producida por nitratos procedentes de fontes agrarias na Comunidade Autónoma de Galicia.

En particular, determínase o procedemento aplicable na comunidade autónoma para a designación das zonas vulnerables, a elaboración dos códigos de boas prácticas agrarias e dos programas de actuación, no marco establecido polo Real decreto 47/2022, do 18 de xaneiro, sobre protección das augas contra a contaminación difusa producida polos nitratos procedentes de fontes agrarias.

Neste sentido, o Tribunal Supremo ten indicado que a designación das denominadas zonas vulnerables forma parte do conxunto do normativo. É certo que o programa de acción é a norma que establece un réxime de prohibicións, limitacións e autorizacións. Pero a delimitación do ámbito xeográfico en que se aplicará constitúe o presuposto indispensable para a aplicación da norma, e forma parte integrante dela. Sen a determinación do ámbito xeográfico, o programa carece de toda efectividade. A disociación en dúas normas non responde máis que ao obxectivo de facilitar a dinámica de aplicación. As zonas vulnerables poden cambiar e, de feito, teñen que ser revisadas cada catro anos, e os programas de acción, aínda que en principio teñen un contido máis estable, tamén deben ser revisados e, se for necesario, modificados, polo menos cada catro anos, segundo establece o artigo 5.7 da Directiva. O relevante é que a designación de zonas faise para un conxunto de persoas destinatarias indeterminado, pero determinable por razón de certas actividades que se desenvolven nas áreas designadas como zonas vulnerables. Polo tanto, é susceptible de aplicarse e producir efectos xurídicos reiteradamente, e non se trata dun acto que esgote os seus efectos na propia declaración, senón que se incorpora como un elemento determinante da aplicabilidade dos programas de actuación. En consecuencia, contén un mandato de natureza normativa, que se incorpora ao ordenamento e permanece nel despregando os seus efectos, en tanto non sexa revisado. Que a revisión se deba producir cada catro anos non altera en absoluto esta conclusión, nin afecta á natureza normativa. As normas poden ter unha vixencia temporal, e non por iso deixan de selo, e ademais, o transcurso de prazo non priva de vixencia á designación de zonas vulnerables, simplemente determina un fito temporal para a súa revisión e actualización.

O decreto tamén inclúe a limitación relativa á instalación de explotacións de gando porcino, avícola e bovino, e limitar a ampliación da súa capacidade produtiva, nas condicións establecidas neste decreto, atendendo á alta densidade gandeira das zonas

que son obxecto da referida medida, consonte ao establecido na normativa estatal de aplicación.

Esta disposición consta 7 artigos, divididos en dous capítulos, dúas disposicións adicionais e dúas disposicións derradeiras. No capítulo I, defínese o obxecto do decreto e se precisa o concepto de contaminación para estes efectos, conforme a Directiva 91/676/CEE. O capítulo II, conformado polos artigos 2 a 7, regula, de acordo co establecido no Real decreto 47/2022, do 18 de xaneiro, o procedemento de designación de zonas vulnerables, afondando na natureza xurídica da disposición de designación destas e nos requisitos exixidos para a súa tramitación, que en todo caso inclúen a participación pública e audiencia nos termos que se indican; o código de boas prácticas agrarias e os programas de actuación, concretando, en cada caso, cales son os órganos autonómicos competentes. Tamén se contempla a revisión, modificación e ampliación das zonas vulnerables e se determinan certas obrigas de comunicación á Administración do Estado.

Pola súa banda, a disposición adicional primeira establece medidas preventivas a adoptar, atendendo á alta densidade gandeira, nas superficies cuxa escorrentía flúa cara as augas afectadas pola contaminación de nitratos de orixe agrario na conca do río Limia, consistentes, esencialmente, na limitación temporal da instalación de novas explotacións gandeiras e o aumento da capacidade produtiva das xa existentes. Estas medidas, suxeitas a seguimento técnico continuo, responden a un enfoque de xestión preventiva da contaminación difusa, orientado a estabilizar a presión nitroxenada en zonas sensibles mentres se completa a caracterización do problema e se aproban os instrumentos definitivos, e se aplican de forma transitoria ata a aprobación dos programas de actuación ou, na súa falta, durante un prazo máximo de dous anos, podendo deixarse sen efecto se se acredita que a contaminación non ten unha orixe significativamente agraria. A súa finalidade é evitar o incremento da presión de nitróxeno de orixe gandeira en zonas con indicios de contaminación, garantindo que a situación non empeore mentres se adoptan as medidas estruturais definitivas. As medidas responden ao principio de necesidade, ao resultar imprescindibles para previr a contaminación nun contexto de incerteza técnica e ausencia de instrumentos definitivos, e ao de eficiencia, ao tratarse de actuacións cautelares, limitadas no tempo e no ámbito territorial, que permiten alcanzar o obxectivo de protección ambiental coa menor afección posible á actividade agraria, sen impedir a súa continuidade nin

impoñer cargas superiores ás estritamente imprescindibles.

Na disposición adicional segunda establece o réxime aplicable a determinadas solicitudes de autorización de novas explotacións xa presentadas e modificacións das xa existentes, que supoñan o incremento da capacidade produtiva, que se atopen en tramitación; unha disposición derradeira primeira, que habilita á persoa titular da consellería competente en materia gandería e agricultura para ditar, no ámbito das súas competencias, cantas disposicións sexan precisas para o desenvolvemento e aplicación do decreto; e unha disposición derradeira segunda que establece que o decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación.

Esta norma adecúase aos principios de boa regulación establecidos no artigo 37.a) da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización del sector público autonómico e no artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas: necesidade, eficacia, proporcionalidade, seguridade xurídica, transparencia e eficiencia.

Na elaboración desta disposición observáronse os trámites previstos na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia. Así, en cumprimento do principio de transparencia, o proxecto publicouse no Portal de transparencia e Goberno aberto, e someteuse ao trámite de audiencia das entidades interesadas. Así mesmo, someteuse o informe de sostibilidade financeira da Dirección Xeral de Orzamentos e Financiamento Autonómico, ao de impacto de xénero da Dirección Xeral de Promoción da Igualdade e ao de impacto demográfico da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica, así como ao informe da Asesoría Xurídica.

Na súa virtude, a proposta da conselleira do Medio Rural, de acordo/oído o Consello Consultivo, tras a deliberación do Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día xx

**DISPOÑO:**

## CAPÍTULO I

Disposicións xerais

## Artigo 1. *Obxecto*

1. Este decreto ten por obxecto a determinación das actuacións dirixidas a reducir e evitar a contaminación producida por nitratos procedentes de fontes agrarias na Comunidade Autónoma de Galicia. En particular, ten por obxecto determinar o procedemento aplicable na comunidade autónoma para a designación das zonas vulnerables, a elaboración dos códigos de boas prácticas agrarias e dos programas de actuación, no marco establecido polo Real decreto 47/2022, do 18 de xaneiro, sobre protección das augas contra a contaminación difusa producida polos nitratos procedentes de fontes agrarias.

2. As referencias á contaminación incluídas neste decreto entenderanse realizadas, en todo caso, á producida nas augas por nitratos de orixe agraria, de conformidade co disposto no artigo 2.j) da Directiva 91/676/CEE do Consello, do 12 de decembro de 1991, relativa á protección das augas contra a contaminación producida por nitratos procedentes de fontes agrarias, que define a contaminación como a introdución de compostos nitroxenados de orixe agraria no medio acuático, directa ou indirectamente, que teña consecuencias que poidan poñer en perigo a saúde humana, prexudicar os recursos vivos e o ecosistema acuático, causar danos aos lugares de recreo ou ocasionar molestias para outras utilizacións lexítimas das augas.

## CAPÍTULO II

Procedemento de designación de zonas vulnerables, código de boas prácticas agrarias e programas de actuación

## Artigo 2. *Designación de zonas vulnerables*

1. A designación de zonas vulnerables, regulada no artigo 4 do Real decreto 47/2022, do 18 de xaneiro, basearase nos mapas de localización das augas afectadas pola contaminación ocasionada polos nitratos de orixe agraria publicados polo Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico, segundo o previsto no artigo 3 do real decreto antes citado.

2. Para os efectos da designación valoraranse os aspectos recollidos no artigo 3.3 do Real decreto 47/2022, do 18 de xaneiro. En particular, servirá de apoio para a determinación do ámbito das augas afectadas, de acordo co establecido no precepto citado, os resultados do estudo de presións agropecuarias, urbanas e outras que poidan considerarse significativas así como dos impactos rexistrados sobre as augas, dirixido a determinar a contribución de cada sector de actividade á contaminación das augas, que realiza a Dirección Xeral da Auga do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico en coordinación coas comunidades autónomas.

3. Para a mellor valoración da contaminación teranse, así mesmo, en conta, os estudos das repercusións da actividade humana sobre o estado das augas requiridos na planificación hidrolóxica realizados polo organismo de conca correspondente ou á entidade pública empresarial Augas de Galicia, segundo proceda en cada caso.

4. A designación de zonas vulnerables esixirá a previa acreditación no expediente de que os nitratos de orixe agraria contribúen significativamente á contaminación das augas afectadas. Para estes efectos teranse en conta os aspectos e estudos indicados nos números anteriores.

Unha vez acreditado este extremo, designaranse, como zonas vulnerables todas as superficies coñecidas do territorio da comunidade autónoma cuxa escorrentía flúa cara as augas afectadas pola dita contaminación e que contribúan, aínda que sexa minimamente, á súa contaminación.

5. A designación terá lugar mediante orde da persoa titular da consellería competente en materia de gandería e agricultura, que se ditará seguindo o procedemento establecido no artigo 3.

### *Artigo 3 . Procedemento de designación de zonas vulnerables*

1. A designación de zonas vulnerables axustarase ao procedemento de elaboración de disposicións administrativas de carácter xeral establecido na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

2. En particular, para a designación realizaranse os trámites de audiencia e información pública, nos termos previstos no artigo 42 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, poranse a disposición do público e as persoas interesadas, os estudos e informes técnicos que acrediten que os nitratos de orixe agrario contribúen significativamente á contaminación das augas afectadas.

3. En todo caso, do proxecto de designación darase audiencia ao organismo de conca correspondente, no caso de concas intercomunitarias ou á entidade pública empresarial Augas de Galicia, segundo proceda en cada caso.

#### *Artigo 4 . Revisión, modificación e ampliación das zonas vulnerables*

As zonas designadas como vulnerables deberán ser revisadas e, se é o caso, modificadas ou ampliadas consonte o establecido no Real decreto 47/2022, do 18 de xaneiro, e de acordo co procedemento indicado no artigo 3.

#### *Artigo 5. Comunicacions á Secretaría de Estado de Medio Ambiente*

1. A consellería competente en materia de agricultura e gandería porá en coñecemento da Secretaría de Estado de Medio Ambiente de acordo co establecido no Real decreto 47/2022, do 18 de xaneiro, a relación das zonas vulnerables designadas, que irá acompañada dunha referencia á publicación oficial da disposición pola que se declaran e da súa cartografía. O prazo para realizar a dita comunicación será como máximo dun mes, contado a partir da data da publicación oficial realizada pola comunidade autónoma.

2. No caso de que a consellería competente en materia de agricultura e gandería, á vista da información dispoñible e a súa valoración, e, en especial, da ausencia de acreditación de que os nitratos de orixe agrario contribúen significativamente á contaminación, das augas afectadas, adopte a decisión de non declarar ou non modificar a declaración de zonas vulnerables, nos prazos establecidos no Real decreto 47/2022, do 18 de xaneiro, esta decisión notificarase de igual forma á Secretaría de Estado de Medio Ambiente.

## Artigo 6. *Código de boas prácticas agrarias*

1. A consellería competente en materia de agricultura e gandería elaborará un ou varios códigos de boas prácticas agrarias de acordo co previsto no artigo 5 do Real decreto 47/2022, do 18 de xaneiro, coa finalidade de reducir a contaminación producida polos nitratos de orixe agrario.
2. O contido dos códigos axustarase ao establecido no anexo I do Real decreto 47/2022, do 18 de xaneiro.
3. Con carácter xeral, as medidas, determinacións e boas prácticas recollidas nos códigos terán a natureza de recomendacións e poderán ser aplicadas con carácter voluntario polas persoas agricultoras, agás naqueles casos nos que se remitan ao contido de normas formalmente aprobadas que sexan de aplicación obrigatoria.
4. Non obstante, as medidas, determinacións e boas prácticas recollidas nos códigos serán de aplicación obrigatoria nas superficies do territorio designadas como zonas vulnerables, nos termos previstos nos programas de actuación que se aproben para estas zonas, de acordo co establecido nos artigos 5.1, 6 e 7.1 do Real decreto 47/2022, do 18 de xaneiro. Deste modo, os programas de actuación incluírán as medidas incorporadas nos códigos de boas prácticas agrarias, sempre e cando non entren en contradición ou rebaixen as exixencias recollidas para estes programas.
5. Os códigos de boas prácticas elaborados serán publicados por orde da persoa titular da consellería competente en materia de agricultura e gandería.
6. A dirección xeral competente en materia de gandería establecerá programas de fomento da posta en práctica dos códigos de boas prácticas agrarias, que incluírán a formación e información ás persoas agricultoras.
7. Os códigos elaborados e as súas actualizacións remitiranse á Secretaría de Estado de Medio Ambiente, de acordo co establecido no Real decreto 47/2022, do 18 de xaneiro.

## Artigo 7. *Programas de actuación*

1. Nas zonas vulnerables, a consellería competente en materia de agricultura e gandería establecerá e poñerá en práctica programas de actuación co obxecto de previr e reducir a contaminación causada polos nitratos de orixe agraria. Os programas de actuación axustaranse ao disposto nos artigos 6 e 7 do Real decreto 47/2022, do 18 de xaneiro.

En particular, de conformidade co disposto no artigo 6.3 do Real decreto 47/2022, do 18 de xaneiro, os programas de actuación haberán de ter en conta a información científica de que se dispoña, en especial no que se refire ás achegas de nitróxeno de orixe agraria ou doutras fontes, así como as condicións ambientais existentes ou previsibles nas zonas afectadas. A este respecto deberán tomar en consideración os obxectivos ambientais das masas de auga establecidos nos plans hidrolóxicos correspondentes e os estudos sobre as repercusións da actividade humana sobre o estado das augas que actualicen os organismos de conca e as administracións hidráulicas das comunidades autónomas, no marco do proceso de revisión dos plans hidrolóxicos de conca a que se refire o artigo 41 do texto refundido da Lei de Augas, aprobado polo Real decreto Legislativo 1/2001, do 20 de xullo. Por outra banda, tamén deberá tomarse en consideración o programa nacional de control da contaminación atmosférica e os obxectivos de redución de emisións atmosféricas adoptados por España.

2. A aprobación dos programas de actuación levarase a cabo mediante orde da persoa titular da consellería competente en materia de agricultura e gandería, de acordo co procedemento indicado no número 3.

3. Os programas de actuación revisaranse, polo menos, cada catro anos, e modificaranse, se fose necesario, para incluír neles aquelas medidas adicionais e accións reforzadas que se consideren oportunas á vista do grao de cumprimento acadado en relación coa finalidade de previr e reducir a contaminación por nitratos de orixe agraria. Ao seleccionar estas medidas, a consellería competente en materia de agricultura e gandería terá en conta a súa eficacia e o seu custo, de tal modo que se elixan aquelas que sexan proporcionadas, necesarias e adecuadas, permitindo cumprir os fins indicados cun menor custo. En termos concretos e, de acordo co disposto no artigo 6.4 do Real decreto 47/2022, do 18 de xaneiro, entenderase que o grao de cumprimento alcanzado non é satisfactorio se no informe de situación non se evidencia unha tendencia evolutiva da contaminación que sexa coherente coa senda de cumprimento

dos obxectivos ambientais establecidos no correspondente plan hidrológico.

4. A elaboración e modificación dos programas de actuación axustarase ao procedemento de elaboración de disposicións administrativas de carácter xeral establecido na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia. En todo caso, de conformidade co artigo 6.5 do Real decreto 47/2022, do 18 de xaneiro, tanto a elaboración dos programas como a tramitación das súas modificacións deberá someterse ao procedemento de avaliación ambiental estratéxica regulado pola Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental e deberán ser informados polos organismos de conca no marco do previsto polo artigo 25.4 do Texto Refundido da Lei de Augas.

5. Corresponde á consellería competente en materia de agricultura e gandería o cumprimento das obrigas de comunicación establecidas no artigo 6.7 del Real decreto 47/2022, do 18 de xaneiro.

6. A consellería competente en materia de agricultura e gandería elaborará un plan de control ao obxecto de verificar o seu cumprimento, que será revisado anualmente, e cuxos resultados se integrarán no informe de situación recollido no artigo 10 do Real decreto 47/2022, do 18 de xaneiro.

Disposición adicional primeira. *Medidas provisionais a adoptar nas superficies cuxa escorrentía flúa cara as augas afectadas pola contaminación de nitratos de orixe agrario na conca do río Limia*

1. As medidas provisionais, de natureza cautelar, contidas nesta disposición serán de aplicación, atendida a alta densidade gandeira, ás explotacións agrícolas e gandeiras localizadas nas superficies cuxa escorrentía flúa cara as augas afectadas pola contaminación de nitratos de orixe agraria na conca do río Limia recollidas no anexo deste decreto.

2. Prohíbese a autorización e rexistro de novas explotacións gandeiras das especies de

gando porcino, bovino e avícola, así como o aumento da capacidade produtiva das xa existentes. No caso das explotacións bovinas con sistema produtivo extensivo, que non teñen definida capacidade produtiva, prohíbese o incremento do censo do número de animais reprodutores que estean inscritos na data de publicación deste decreto no Rexistro de identificación individual dos animais (RIIA), regulado no Real decreto 728/2007, do 13 de xuño, polo que se establece e regula o Rexistro xeral de movementos de gando e o Rexistro xeral de identificación individual de animais.

3. Exceptúase da prohibición establecida no número 2 a autorización e rexistro de novas explotacións nos seguintes casos:

a) As explotacións avícolas de autoconsumo, segundo se definen na letra h) do artigo 2.1 do Real decreto 637/2021, do 27 de xullo, polo que se establecen as normas básicas de ordenación das granxas avícolas.

b) As explotacións porcinas extensivas de autoconsumo, segundo se definen no artigo 2.1.c) do Real decreto 1221/2009, do 17 de xullo, polo que se establecen normas básicas de ordenación das explotacións de gando porcino extensivo e polo que se modifica o Real decreto 1547/2004, do 25 de xuño, polo que se establecen as normas de ordenación das explotacións cunícolas; así como as explotacións porcinas intensivas de autoconsumo, segundo se definen no artigo 2.1.f) do Real decreto 306/2020, do 11 de febreiro, polo que se establecen normas básicas de ordenación das granxas porcinas intensivas, e se modifica a normativa básica de ordenación das explotacións de gando porcino extensivo.

c) As explotacións bovinas cunha capacidade máxima de 1,2 unidades de gando maior (UGM) nas que exclusivamente se críen animais con destino directo a matadoiro con fin de autoconsumo na propia explotación.

4. Non obstante a prohibición establecida no número 2, poderán realizarse modificacións nas granxas avícolas, bovinas e porcinas xa autorizadas e rexistradas, sempre que non supoñan un incremento da capacidade produtiva en unidade de gando maior xa autorizada, calculada segundo a normativa de aplicación para cada especie.

5. As medidas provisionais recollidas nesta disposición manteranse ata a aprobación

dos correspondentes programas de actuación, no caso de que as áreas nas que se aplican sexan declaradas zonas vulnerables ou, en defecto da referida declaración, durante un prazo máximo de dous anos a contar desde a entrada en vigor deste decreto. Mediante orde da consellería competente en materia de agricultura e gandería poderán deixarse sen efecto as medidas adoptadas se antes do transcurso do indicado prazo de dous anos, se acredita, mediante avaliación técnica motivada, que a contaminación deixou de ter unha orixe significativamente agraria. Para estes efectos a consellería competente en materia de gandería e agricultura realizará periodicamente os estudos e programas que resulten necesarios para levar a cabo o seguimento da situación, coa finalidade de avaliar a presenza de nitratos de orixe agraria nas áreas indicadas.

Cando dos datos obtidos resulte acreditada tecnicamente a necesidade de adoptar novas medidas de natureza equivalente ás que se integran nos códigos de boas prácticas agrarias e que teñan por obxecto evitar o agravamento da contaminación difusa por nitratos de orixe agraria nas zonas indicadas no anexo, a persoa titular da consellería competente en materia de agricultura e gandería poderá acordalas mediante orde debidamente motivada.

*Disposición adicional segunda. Réxime aplicable a determinados incrementos da capacidade produtiva e autorizacións de explotacións xa solicitados*

1. Non será aplicable a prohibición establecida no número 2 da disposición adicional primeira ás modificacións nas granxas avícolas, bovinas e porcinas que supoñan un incremento da capacidade produtiva autorizada que xa foran solicitadas con data anterior ao día 21 de setembro de 2026.

2. Non será aplicable a prohibición establecida no número 2 da disposición adicional primeira ás solicitudes de autorización de explotacións presentadas por:

a) Persoas beneficiarias de axudas a persoas agricultoras mozas concedidas ao amparo da Orde do 2 de xaneiro de 2024 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas destinadas á mellora das estruturas de produción das explotacións agrarias, no marco do Plan estratéxico da política agraria común de España 2023-2027,

cofinanciadas polo Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader), e se convocan para o ano 2024 (DOG núm. 15, do 22.01.2024).

b) Persoas que tiveran solicitadas axudas para a incorporación de persoas agricultoras mozas nas convocatorias efectuadas polas ordes seguintes, sempre que cumpran os requisitos previstos nas correspondentes convocatorias, e que no momento de entrada en vigor deste decreto xa estivera redactada a correspondente acta de non inicio da actividade, ou ben se tivera concedido a axuda, no caso de non ser precisa esta:

1.º Orde do 11 de xuño de 2025 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas destinadas ás persoas agricultoras mozas, no marco do Plan estratéxico da política agraria común de España 2023-2027, cofinanciadas polo Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader), e se convocan para o ano 2025 (DOG núm. 120, do 25.06.2025).

2.º Orde do 11 de xuño de 2025 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas destinadas á modernización e mellora das explotacións agrarias das persoas agricultoras mozas, no marco do Plan estratéxico da política agraria común de España 2023-2027, cofinanciadas polo Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader), e se convocan para o ano 2025 DOG núm. 120, do 25.06.2025).

3.º Orde do 26 de febreiro de 2026 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas destinadas as persoas agricultoras mozas, no marco do Plan estratéxico da política Agraria Común de España 2023-2027, cofinanciadas polo Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER), e se convocan para o ano 2026 (DOG núm. 45, do 09.03.2026).

Disposición derradeira primeira. *Habilitación normativa*

Facúltase á persoa titular da consellería competente en materia do medio rural para ditar as disposicións necesarias para o desenvolvemento do presente decreto, de conformidade co previsto no artigo 37.2 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor*

Este decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

## ANEXO

### Superficies nas que adoptar medidas provisionais na conca do río Limia

